

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 17 DE XUÑO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de xuño de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 10 de xuño do dous mil trece.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-


**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escritos de Don Francisco Javier Pérez Martínez con datas RE do 6 de xuño do 2013 N° RE 2762, do 6 de xuño do 2013 N° RE 2763 relativos a solicitude de Plan de Prevención de Riscos Laborais e solicitude de avaliación de riscos psicosociais.
2. Escrito de Don Francisco Javier Pérez Martínez con data RE do 14 de xuño do 2013 N° RE 2908, relativo a vista do contrato de Prevenciso de Riscos Laborais.
3. Escrito de Don José Enrique Martínez Pérez con data RE 22 de maio de 2013 N° RE2517, relativo a revisión de oficio de licenzas de construción nos solos dos nucleos rurais.

**INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

1.- Solicitude de información urbanística interesada por **DON JOSÉ BENITO ÁLVAREZ ESTÉVEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Costa Candamo nº 6, 2ºB, Vilagracia de Arousa, con número de expediente **RIB/N/181.1/12**. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 12.06.2013.



A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, na Rúa Avia nº 14 (Antigo 12), en Ribadavia (Ref. Catastral 07269/07), a solicitude de **Don José Benito Álvarez Estévez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), comunicando Resolución reaxustando o importe das anualidades da subvención concedida para o Plano Xeral de Ordenación Municipal.
2. Da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), comunicando Resolución de modificación de subvención concedida para o proxecto denominado "Rehabilitación da area recreativa da Veronza-Xestal" (ampliación de prazo ata o 31.08.2013).
3. De Aqualia, comunicando resultados analíticos do abastecemento e depuración do periodo comprendido de Xaneiro a Abril de 2013.
4. De Augas de Galicia, comunicando informe sobre a EDAR de Ribadavia (Francelos), correspondente o periodo xaneiro-marzo 2013.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **APROBACIÓN DE PROXECTO.-**

Visto o escrito presentado en data de 31 de maio de 2013, Nº RE 2678, sobre remisión de proxecto para a súa aprobación denominado "*Acondicionamento da Estrada n-120-Santo Estevo de Novoa.*"

Visto o informe técnico de data 17 de xuño de 2013 no que se constata o cumprimento dos parametros urbanísticos precisos para a relaización da obra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda proceder a parobación do proxecto denominado "*Acondicionamento da Estrada N-120-Santo Estevo de Novoa.*"

##### **DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-**

Visto o escrito presentado en data de 12 de xuño de 2013, Nº RE 2841, sobre devolución de fianza como consecuencia da cesión das instalacións do campo de herba artificial do Xestal.

Comprobado en base a informe técnico de data 12 e xuño de 2013 que as instalacións están en perfecto estado.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda proceder a devolución da fianza, por un importe de 100 euros, a Don Gabriel Vázquez González.

**DACIÓN DE CONTAS DE INFORME TÉCNICO DE DATA 10 DE XUÑO DE 2013.-**

Dase conta polo secretario do informe técnico de data 10 de xuño de 2013 relativo a pasarela da Foz.

**RESOLUCION DO 24 DE MAIO DE 2013, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS QUE REXERAN AS AXUDAS E SUBVENCIONS AS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA PARA A PROMOCION DA IGUALDADE COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO.-**

“Vista a Resolución do 24 de maio de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras que rexeran as axudas e subvencions as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, publicada no DOGA nº 104, de 3 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención, dando traslado da mesma a Secretaria Xeral de Igualdade.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Resolución.

**ORDE DO 10 DE MAIO DE 2013 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA O APOIO E EXTINCION DE INCENDIOS FORESTAIS, CONSISTENTES NA CESION EN PROPIEDAD DE VEHICULOS ESPECIALMENTE PREPARADOS PARA O EXERCICIO DESTAS FUNCIONS.-**

“Vista a Orde do 10 de maio de 2013 pola que se convocan axudas aos Concellos de Galicia para o apoio e extinción de incendios forestais, consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio destas funcións, publicada no DOGA nº 95, de 21 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita OrdeResolución solicitando a correspondente subvención e solicitude de cesión en propiedade dos vehículos previstos neste Orde, aceptando integramente os termos e prescricións dela.

Segundo.- Facultar o Sr. Alcalde do Concello para aceptar a devandita cesión, no caso de resolución favorable da Conselleria de Medio Rural e do Mar.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

